



Compostela
Cultura

VIAXES

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

XOVES 28

ABRIL 2022

Auditorio de Galicia, 20.30 h

**AUSTRIA:
IDA E VOLTA**

Javier Perianes, director e piano

Cibrán Sierra Vázquez, concertino





PROGRAMA

I

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)

Concerto para piano núm. 9 en Mi bemol maior, KV. 271 “Jeunehomme”

Allegro

Andantino

Rondo: Presto

Javier Perianes, director e piano

II

LUDWIG VAN BEETHOVEN (1770-1827)

Concerto para piano núm. 3 en do menor, op. 37

Allegro con brio

Largo

Rondo: Allegro

Javier Perianes, director e piano

Duración aproximada do concerto: 85 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora convidada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

Cibrán Sierra Vázquez,
concertino invitado
asistente á dirección
Adriana Winkler, axuda de
concertino
Ildikó Oltai **
Yulia Petrushevskaya
Daniel Kordubaylo
Ilya Fisher
Claudio Guridi
Michal Ryczel
Victoria Jurov
Anna Alexandrova
Daniela Lewysohn ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Helena Sengelov
Gyula Vadaszi
Samira Ajkic
Enrique Roca
Irina Gruia
Kiyoko Ohashi
Natalia Hernantes ***

Julia Filón ***

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Iriana Fernández
Anne Schlossmacher
Ionela Ciobotaru
Oxana Bakulina
Ayse Yavuz ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Thomas Piel **
Carlos García
Millán Abeledo
Clara Martínez (R)
Carmen Diego ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Anxo Leitao (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luís Soto **

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela *
Jordi Ortega *
Xavier Ramón **

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TIMBAL

José Vicente Faus *

* principal | ** coprincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

Javier Perianes

Director e piano

A carreira internacional de Javier Perianes levouno a actuar nas salas de concertos máis prestixiosas do mundo e coas principais orquestras, colaborando con directores como Daniel Barenboim, Charles Dutoit, Zubin Mehta, Gustavo Dudamel, Klaus Mäkelä, Sakari Oramo, Yuri Temirkanov, Gianandrea Noseda, Ivan Fischer, Gustavo Gimeno, Santtu-Matias Rouvali, Simone Young, Juanjo Mena, Vladimir Jurowski, David Afkham, François-Xavier Roth ou Daniel Harding, e actuando en festivais como os BBC Proms, Lucerna, La Roque d'Anthéron, Grafenegg, Primavera de Praga, Ravello, Stresa, San Sebastián, Santander, Granada, Vail, Blossom e Ravinia. Javier Perianes é Premio Nacional de Música 2012 e Artista do Ano 2019 dos International Classical Music Awards (ICMA). O pasado mes de xuño Perianes

foi distinguido coa Medalla de Honor del Festival de Granada como recoñecemento á súa longa relación co Festival, onde foi Artista en Residencia en 2021.

A temporada 2021/22 inclúe debuts coa Orquestra Filarmónica de Luxemburgo, Sidney Symphony, Aurora Orchestra e a Kristiansand Orchestra, así como a súa volta ás Sinfónicas de San Francisco e Toronto xunto a Gustavo Gimeno, e a estrea mundial do *Concerto para piano e orquestra* do compositor peruano Jimmy López, que tivo lugar no Royal Festival Hall de Londres xunto á London Philharmonic Orchestra e Klaus Mäkelä, e que Perianes levará tamén a São Paulo xunto á Orquestra Simfónica do Estado de São Paulo e Alexander Shelley. Porén, fará numerosas aparicións na súa dobre faceta de pianista

e director xunto a orquestras como a Orchestre de Chambre de Paris, Orquesta de Tenerife, Orquesta Ciudad de Granada, ADDA Simfónica, Orquesta Sinfónica del Principado de Asturias ou a Real Filharmonía de Galicia esta noite.

Perianes ofrece habitualmente recitais por todo o mundo, e tamén é un activo intérprete de música de cámara, colaborando regularmente coa violista Tabea Zimmermann e o Cuarteto Quiroga. Esta temporada levará o seu programa *El Amor y la Muerte*, que inclúe obras de Beethoven, Chopin, Granados, Liszt e Wagner-Liszt, a cidades como Berlín (Boulez Saal), Florencia, São Paulo, Bogotá, Valencia, Zaragoza, Mainz ou Abu Dhabi.

De anteriores temporadas destacan actuacións xunto á Wiener Philharmoniker, Leipzig Gewandhausorchester, Concertgebouworkest, Cleveland Orchestra, Czech Philharmonic, sinfónicas

de Chicago, Boston e San Francisco, filarmónicas de Oslo, Londres, Nova York e Los Ánxeles, Orchestre Symphonique de Montréal, Orchestre de Paris, Rundfunk-Sinfonieorchester Berlin, Danish National, Washington National, Swedish e Norwegian Radio Orchestras, Mahler Chamber Orchestra, Budapest Festival Orchestra, Philharmonia Orchestra e Yomiuri Nippon Symphony.

Artista exclusivo do selo Harmonía Mundi, Perianes conta cunha extensa discografía que abarca desde Beethoven, Mendelssohn, Schubert, Grieg, Chopin, Debussy, Ravel e Bartók ata Blasco de Nebra, Mompou, Falla, Granados e Turina. Os seus álbums máis recentes inclúen o *Concerto en Sol* de Ravel xunto á Orchestre de Paris e Josep Pons co *Tombeau de Couperin* e a *Alborada del Gracioso*; unha homenaxe a Claude Debussy no centenario do seu falecemento galardoado

co Premio Gramophone de Música de Cámara 2019; e *Cantilena*, un álbum xunto á violista Tabea Zimmermann que inclúe unha selección de obras españolas e latinoamericanas. En xullo de 2021 lanzou o seu último proxecto discográfico adicado ás *Sonatas núm. 2 e 3* de Frédéric Chopin xunto ás *Tres Mazurkas Op. 63*.

O catálogo pianístico de Wolfgang Amadeus Mozart é un dos máis importantes na historia da música. As súas composicións son repertorio fundamental para pianistas e motivo de estudio e inspiración para moitos dos seus contemporáneos e posteriores, como Haydn, Beethoven ou Chopin. O período entre outubro de 1773 e xaneiro de 1777 marcou a madurez musical dun Mozart aínda novo. Estableceuse na súa cidade natal e, salvo unha estancia de tres meses en Múnic, dedicouse a compoñer e interpretar como concertino do Príncipe Arcebispo de Salzburgo. Aínda que este compromiso mantívose ata 1783, no verán de 1777 comezaría a súa procura dun novo traballo. Case no final deste período relativamente estable, en xaneiro de 1777, Mozart escribiu o *Concerto para piano núm. 9* utilizando as forzas musicais das que dispoñía para desenvolver e profundar o seu estilo. Segundo

o experto en clasicismo vienés Charles Rosen quen admiraba este concerto “quizais a primeira obra inequivocamente mestra de estilo clásico purificada de todo rastro manierista”. Tamén é certo que coincide no tempo coa evolución do clave ao piano, de modo que pode considerarse o precursor do gran concerto moderno polo seu contido afectivo e as relacións entre o solista e a orquestra. O concerto en tres movementos, algo estándar para as obras da era clásica no xénero, foi coñecido como ‘Jeunehomme’, unha referencia ambigua á pianista que inspirou a obra de nome Victoire Jenamy, filla do mestre de ballet Noverre, á que coñeceu en Salzburgo. Foi o primeiro dos concertos para piano impreso, publicado en París arredor de 1780 e Mozart levouno para mostrar a súa habilidade como intérprete cando viaxou a Mannheim e París para solicitar un posto de traballo. O *Allégo* de abertura

comeza cun trazo orixinal, onde os oíntes terían esperado unha longa introdución orquestral dos temas do movemento, Mozart precédeo cun pequeno florecemento orquestral contestado por unha amable réplica do solista e, noutro golpe inesperado, fai que o piano se inmiscia nos momentos finais da introdución cun longo trino. Un *Andantino* de entrada solemne, escrito en tonalidade menor, impregna de lirismo e tenrura o só, seguindo un curso de fraseo apenas sostido por mínimos apoios orquestrais. A profundidade e o xogo de sombra e luz contrasta coa atmosfera máis despreocupada do primeiro e terceiro movemento. Mozart non se conformou con escribir un rondó estándar así que tras un brioso esprinte do solista, no medio do movemento, o ritmo diminúe nun suave pasaxe dun inesperado minueto co seu conxunto de variacións; a danza é introducida primeiro polo solista e logo fai xirar a melodía

sobre un acompañamento de *pizzicato*, todo iso convertido noutro exemplo do inesgotable enxeño de Mozart.

Na inxente produción pianística de Beethoven, como noutros xéneros, tamén mostrou unha gran orixinalidade e profundidade. Así, algún musicólogos opinan que foi neste instrumento no primeiro no que desenvolveu as súas ideas máis anovadoras, posiblemente, debido a que o seu pai obrigouno a estudar piano sendo moi neno tratando de convertelo nun neno prodixio, “un novo Mozart”. O seu talento foi desenvolvéndose progresivamente, medrou como intérprete e logrou fascinar co su estilo interpretativo. Aos vinte dous anos, Beethoven chega a Viena -cidade pouco acolledora cos músicos estranxeiros- para estudar con Haydn recomendado polo Arcebispo de Colonia e polo Conde Waldstein, que escribiu: “Coa axuda do traballo continuo

recibiredes o espírito de Mozart de mans de Haydn”, referencia que lle facilitou a entrada nos círculos aristocráticos e deuse a coñecer ante os afeccionados á música de Viena pero tamén de Praga, Berlín ou Dresde, onde era aplaudido pola enerxía, intensidade e musicalidade dos seus recitais. Este *Concerto núm. 3*, composto entre 1800 e 1803, é considerado a xoia dos cinco que compuxo Beethoven, comparable ao *Cuarto*, pero non aos aínda clasicistas *Primeiro* e *Segundo* (máis claramente mozartianos), nin tampouco ao *Quinto*, xa que o carácter solemne o heroico deste afástao do vienés, que mantén certo un equilibrio entre graza e profundidade. Ese equilibrio tamén aparece na oposición e solución dos dous temas do primeiro movemento en forma sonata, *Allegro con brio*: o primeiro, enérxico e de aire imponente, exposto pola orquestra e o segundo de carácter *cantabile*. O piano entra mediante unha serie de

fortes escalas en tonalidade menor. O lirismo do *Largo*, de gran modernidade para a época, xera calma en medio dos axitados movementos externos, con eses elementos imaxinativos da melodía do piano e a exaltación contida da coidada relación entre solista e orquestra para disolverse antes de entrar de cheo no *Rondó*, tan diferente en carácter, de novo en tonalidade menor, vivaz, enxeñoso, lúdico que comeza coa presentación polo piano do tema principal que se irá repetindo. Os retrousos marcan este movemento: o primeiro, ubicuo, sometido a matizacións; o segundo que leva a un clima máis sereno e un terceiro, que evoca ao *Largo*. Despois dunha breve cadencia, o concerto remata en *presto*, cunha coda en tonalidade maior. Este *Terceiro concerto* foi estreado en Viena o 5 de abril de 1803, co propio Beethoven como solista, xunto a outras obras súas, *Cristo no Monte dos Olivos* e a *Sinfonía*

núm. 2 e segundo Ferdinand Ries, un alumno do compositor, a partitura non estaba rematada no único e desastroso ensaio pois os músicos titulares da orquestra foron contratados para interpretar *A Creación* de Haydn esa mesma noite. Pero a partitura seguía sendo un traballo en progreso durante o concerto e así o conta outro alumno de Beethoven, Ignaz von Seyfried “Vin páxinas baleiras co que parecían xeroglíficos exipcios, inintelixibles para min, esborrachados para servirille de pistas. Fixo a maior parte de memoria, xa que, obviamente, tiña pouco material no papel. Así que, cando chegaba ao final de algunha pasaxe invisible, facíame un xesto subrepticio e eu pasaba a páxina.” O concerto foi estreado por segunda vez en Viena un ano despois, co manuscrito terminado e con Ferdinand Ries como pianista.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 5 maio, 20:30 h

DO SUR AO NORTE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jessica Cottis, directora

P. Sculthorpe: Earth Cry

J. Sibelius: Sinfonía núm. 2 en Re maior,

op. 43

Xoves 12 maio, 20:30 h

AMAZONIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Simone Menezes, directora

Camila Titinger, soprano

H. Villa-Lobos: Bachianas brasileiras nº 4,
Preludio

P. Glass: Aguas da Amazonia (orq. Coleman):
Metamorfose 1

H. Villa-Lobos: Suite de Floresta do Amazonas
(selección Simone Menezes)

19:45 h

Sala Mozart

Conversando con...

Simone Menezes



AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

